

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 14 de xaneiro de 2020, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se fan públicos o lugar e a data de realización dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso en diversas especialidades da categoría de enfermeiro/a especialista, convocado mediante a Resolución do 3 de maio de 2019.

Advertido erro na dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 15, do 23 de xaneiro de 2020, procede efectuar a seguinte corrección:

No punto segundo, páxina 3981, onde di:

«Os/as aspirantes que participen no proceso pola queda de promoción interna, así como os que teñan autorizada polo órgano de selección unha adaptación de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios, accederán ao recinto pola porta 0».

Debe dicir:

«Os/as aspirantes que teñan autorizada polo órgano de selección unha adaptación de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios accederán ao recinto pola porta 0».

